

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE MARZO DE 2014


A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse an actan dan sesiónn da Xunta de Goberno Local, correspondenten aon dían 5 e 12 de marzo de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a concesión da licenza de actividade de instalación e apertura dun establecemento de servizos de subcontratación integral en materia de limpeza, desinfección, xestión de residuos, vixilancia, mantemento e seguridade con talleres, almacenamento e aula de formación no parque empresarial As Gándaras, rúa A, parcela O.4.3.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas de obras: para reforma de planta baixa do edificio con licenza número 1.286/07, sito na rúa Mondoñedo, número 43 consistente na división de local en dúas partes e unión dunha delas ó local lindeiro do número 45 da rúa Mondoñedo polo seu fondo; para reforma e ampliación de edificio para hotel balneario sito en solo urbano, no Camiño do Balneario s/n; para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en ringleira con licenzas 142/69 e 1001/03, para a súa adaptación á legalidade, en solo urbano na rúa Ligustro, número 7; para demolición de muro de contención e execución de peche de parcela, a realizar parte no solo clasificado como rústico e parte nos solo clasificado como urbanizable delimitado, na parcela 93, polígono 44 de Lamalonga-Ramil (Tirimol); para a legalización de peche de terraza na vivenda unifamiliar con licenzas 1.270/06 e 42/12, sita no núcleo rural tradicional de Camoira, Parroquia de San Estebo de Camoira; para instalación de ascensor nos edificios con licenzas 107/81 e 450/73 sito en solo urbano, na rúa Poeta Noriega Varela, números 12 e 14; para a unión, cambio de uso e acondicionamento de dous locais para clínica médica, na planta baixa do edificio, sito en solo urbano, na rúa Quiroga Ballesteros, números 2-4; para a modificación

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/4
 UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==			

do número de vivendas no edificio con licenzas números 1.131/06, e 1.163/12, consistente na división da vivenda en dúplex 1º C, pasando a dúas vivendas independentes na planta 1ª C e 2ª C, sendo a localización da obra na rúa Eloi Maquiera, números 6-8; para a reconstrución parcial de nave industrial existente con licenza número 866/00, sita en solo urbano, na rúa das Cesteiras, número 8, (parcelas 7, 8 e 9, ruelle C do Sector IN-F); para a reconstrución de muro de contención entre as parcelas 8 e 15 do ruelle C, do Sector IN-F, con sendas naves industriais executadas con licenzas 866/00 e 259/04, sito na rúa das Cesteiras, número 8, e rúa dos Carros, número 15; para a instalación de ascensor no edificio con licenzas 11/84 e 633/84, sito en solo urbano, na rúa Otero Pedrayo, número 10 e para a legalización dun murete de formigón de peche da parcela formado por bloque de formigón para enfoscar e pintar e peche vexetal ata completar os 2 metros de altura, no núcleo rural tradicional de Camoira, parroquia de Santo Estevo de Camoira.

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra o Decreto da Alcaldía de declaración da caducidade do expediente de licenza de obra, para rehabilitación de edificio na rúa Armanyá, número 3.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da Unidade de Actuación Centro Norte-19, do PXOU de 1990.

3. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 1 da rúa Piteiro (A Chanca).

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase adiar o expediente de autorización para a realización de servizos extraordinarios polo Enxeñeiro Municipal-Xefe do Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación, para un mellor estudo.


Así mesmo, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por unha funcionaria, adscrita a Tesourería e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por unha funcionaria, adscrita ó Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por unha funcionaria, adscrita ó Servizo de Prevención de Drogodependencia e a aprobación da forma de compensación.

Código Seguro de verificación:UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==	PÁGINA 2/4



UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a incoación de expediente de incautación de garantía definitiva na contratación das obras de renovación de cuberta con aproveitamento para uso administrativo, rehabilitación de fachada e incorporación de galería no centro de servizos municipais. (Fondo estatal de investimento local) 09feil43.

Acórdase a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto na contratación da explotación da cafetería anexa ó Centro Social de Servizos Sociais de a Milagrosa 2014 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado na contratación da realización de estudos e propostas técnicas sobre a Praza de Abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da praza de abastos, cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO Feder Galicia 2007-2013). proxecto 12UR4002 Urban Praza de Abastos e proxecto 13UR7001 urban auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Así mesmo, acórdase a prórroga por prazo de seis meses ou prazo inferior ata adxudicación do contrato administrativo correspondente ao servizo de vixilancia no fogar do transeúnte.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase a devolución de ingresos en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por duplicidade de pagamento ó ter solicitado dúas veces licenza de obras para reforma de vivenda de planta sexta b sita na rúa Doutor Gasalla, 28.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización de edificio sito na rúa Pintor Pacios, 5-7.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización de edificio sito na rúa Santo Graal, 111.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:



Código Seguro de verificación:UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	25/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==	PÁGINA	3/4



- Acórdase a designación da vicesecretaria municipal, para a elaboración do informe solicitado polo Seprona á Asesoría Xurídica deste Concello.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	UAekaxsXUsdDiH/gweNGLQ==	PÁGINA 4/4

